


Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA A FAME



Campaña LII

memoria
2011



Presentación	3
Quen somos?	4
Que facemos?	8
1.- Sensibilización	9
2.- Proxectos de Desenvolvemento	11
Por que o facemos?	16
As nosas contas	18
Agradecementos	22
As delegacións	23

Esta memoria foi elaborada polo Departamento de Comunicación de Manos Unidas

Fotos: Soledad García, M^a Eugenia Díaz, Javier Cuadrado, Javier Fernández, Marta Carreño, Irene H-Sanjuán, Laura Gutiérrez e Casilda de Zulueta.



presentación



Prezado lector: tes nas túas mans a memoria de Manos Unidas de 2011. Nela atoparás as informacións máis salientables sobre as actividades de sensibilización realizadas pola nosa asociación, os proxectos de desenvolvemento financiados en numerosos países, os ingresos e gastos, xunto coas notas que máis nos caracterizan como institución.

En Manos Unidas, por quinto ano consecutivo, seguimos traballando centrados nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Nesta ocasión, lembramos á sociedade española, coa campaña “O seu mañá é hoxe”, que uns 29.000 nenos menores de 5 anos morren todos os días por causas evitables, como son a desnutrición, a malaria, a tuberculose, a pneumonía, as diarreas, a deshidratación, a falla de hixiene e outras. As organizacións, gobernos e cidadáns temos a responsabilidade de implicarnos para mellorar a situación destes nenos. Manos Unidas conmóvese, como fixo Xesús, ante o sufrimento dos máis inocentes e loita para acabar coa mortalidade infantil a causa da pobreza e a fame.

Pero na loita contra a fame, os acontecementos impoñen o seu ritmo. Na primavera de 2011 tivemos as primeiras noticias sobre a fame no Corno de África. Para os que traballamos en Manos Unidas foi unha nova trágica. Como sempre, apoiamos ás persoas que máis o necesitan, aínda que somos conscientes de que a situación alí require a elaboración dun plan ambicioso, que permita a prevención antes de que se repita de novo a historia.

De xeito paralelo, agudizábase a crise económica e financeira que afecta dun modo especial aos máis pobres, xa que os gobernos comezaban os recortes dos cartos destinados á Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Os compromisos nesta materia non se cumpriron na medida do agardado e as previsións para un futuro próximo non son boas.

Esa diminución tivo como consecuencia unha redución dos ingresos de orixe pública na nosa institución. En cambio, os fondos de orixe privada, que representan un 82% do total, mantivéronse practicamente estables. Esta confianza dos nosos socios e colaboradores no traballo de Manos Unidas é un tesouro para nós, que supón unha enorme responsabilidade e que nos permite traballar con previsións sólidas.

Moitas grazas a todos por manter este compromiso. Sentimos que non estamos sos e, o máis importante, que podemos seguir acompañando aos nosos irmáns máis necesitados. Desexamos responder a estas manifestacións co traballo de todos os días, mantendo os nosos sinais de identidade, coidando valores como a austeridade e transparencia, e sen desviar a atención do noso fin institucional: os máis pobres, a loita contra a fame e contra as súas causas. Mentres exista pobreza severa, continuaremos traballando por construír un mundo que poida chamarse realmente “a terra de todos”.

Myriam García Abrisqueta
Presidenta



quen somos?



Manos Unidas é a Asociación da Igrexa Católica en España para a axuda, promoción e desenvolvemento do Terceiro Mundo. É á súa vez unha Organización Non Governamental para o Desenvolvemento (ONGD), de voluntarios, católica e segrar.

A nosa misión é loitar contra a fame, a deficiente nutrición, a miseria, a enfermidade, o subdesenvolvemento e a falla de instrución; e traballar para erradicar as causas estruturais que as producen: a inxustiza, o desigual reparto dos bens e as oportunidades entre as persoas e os pobos, a ignorancia, os prexuizos, a insolidariedade, a indiferenza e a crise de valores humanos e cristiáns (Estatutos, Art. 5°).



as nosas orixes

O 2 de xullo de 1955, a Unión Mundial de Organizacións Femininas Católicas (UMOFC), que englobaba a máis de cen organizacións dos cinco continentes, publicou un Manifesto onde se declaraba a “guerra á fame”. A súa resonancia foi enorme, e deseguida en varios países promovéronse diferentes accións. En España, a primeira Campaña contra a fame no mundo foi promovida polas mulleres de Acción Católica no ano 1959. Dende 1970, por iniciativa da Conferencia Episcopal Española, Manos Unidas celebra a súa Xornada Nacional o segundo domingo do mes de febreiro: a colecta que ten lugar nas parroquias de toda España está destinada á nosa organización.

E o venres anterior celébrase en toda España o Día do Xaxún Voluntario, en solidariedade cos millóns de persoas que xaxúan por necesidade todos os días.

delegacións

Manos Unidas ten unha estrutura diocesana. A súa implantación no territorio nacional concrétase en 70 delegacións que corresponden ás distintas dioceses. Dende o principio, a misión das delegacións estivo clara: sensibilizar á poboación española sobre o problema da fame no mundo e recadar as doazóns que permiten continuar co labor de Manos Unidas. A estrutura diocesana supón unha inmensa riqueza para a organización, tanto pola súa distribución xeográfica, como pola variedade de actividades que se desenvolven.

capital humano

Manos Unidas é, por definición, unha organización de voluntarios. Entendemos o voluntariado como unha opción de vida, exemplo necesario para crear unha conciencia social baseada no valor da gratuidade e o compartir.

Este sinal de identidade materialízase nos 4804 voluntarios que traballaron de forma continuada ao longo do ano 2011 na organización. Ademais, e segundo os nosos Estatutos, os órganos de goberno están compostos por persoas voluntarias. Ao seu carón, un reducido número de persoas contratadas son peza inseparable da anterior para levar a cabo o labor da organización, sempre mantendo e respectando os principios e criterios de Manos Unidas.

socios e colaboradores

Manos Unidas conta cun apoio continuado e fiel dos seus socios, cuxas achegas económicas supoñen unha parte fundamental dos ingresos da organización. En 2011, 90.515 persoas apoiáronnos coas súas doazóns.

Ademais, Manos Unidas conta con numerosos colaboradores externos que achegan servizos profesionais e asesoramentos puntuais en materias como o dereito, a economía, a publicidade...

O labor de Manos Unidas
é posible
grazas a todos eles.



Misa na Catedral da Almudena de Madrid, o día da Xornada Nacional de Manos Unidas.




Asemblea Nacional de Delegadas celebrada en El Escorial.



“Operación Bocata” realizada por voluntarios dunha delegación.



Mozos repartindo folletos no Concerto de Cadena 100.



Representación dunha obra de teatro, a beneficio dun proxecto de Manos Unidas.



relacións externas

Vivimos nun mundo globalizado, onde as relacións entre persoas, países e continentes son necesarias e enriquecedoras. Manos Unidas forma parte de varios organismos internacionais e nacionais:

- **Consello Pontificio Cor Unum**, organismo da Santa Sé que coordina as institucións católicas de todo o mundo dedicadas ao desenvolvemento e á caridade.
- **CIDSE**, Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a Solidariedade, alianza de 16 organizacións católicas de Europa e Norte América.
- **CONCORD**, Confederación para a Cooperación de ONG para a Axuda e o Desenvolvemento da que forman parte máis de 1.600 organizacións europeas.
- **CONGDE, Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento de España**, formada por organizacións membro e coordinadoras autonómicas dedicadas á cooperación internacional.
- **Fundación Sur**, entidade independente y sin ánimo de lucro dedicada a promover la sensibilización social y el estudio de los países más pobres de África. entidade independente e sen ánimo de lucro dedicada a promover a sensibilización social e o estudo dos países do continente africano.
- **Pacto Global Contra a Pobreza**, lugar de encontro de 20 coordinadoras autonómicas e rexionais de ONG, así como de numerosos consellos de cooperación e grupos de traballo.
- **Foro de Laicos**, canle de coordinación das asociacións católicas en España.
- **Consello Nacional de Misións**, órgano de coordinación misioneira en España.
- **Plataforma de Voluntariado de España**.
- **Asociación Española de Fundraising**.



Acto de Inauguración do "Año Europeo do Voluntariado" presidido polos Príncipes de Asturias.

Órganos de Goberno

Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno de Manos Unidas. Reúnese dúas veces ao ano.

Presidenta

70 Presidentas-Delegadas de sés diocesanais

1 Representante dos Servizos Centrais

Comisión Permanente

Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno que, subordinado á Asemblea Xeral e seguindo as súas directrices, dirixe o funcionamento de Manos Unidas. Reúnese unha vez ao mes.

Presidenta

Myriam García Abrisqueta

Consiliario

Mons. J. José Omella

Viceconsiliario

Jesús Vidal

Vicepresidenta

Soledad Suárez

Secretaría

Ángeles Díaz-Polo

Tesoureiro

Tomás Rodríguez

Secret. Xral. Acción Católica

Ricardo Loy

Delegadas representantes da Asemblea Xeral (5)

Benita Asensio

M^a Pilar Bilbao

Fco. Javier Fornell

Rosa Pradas

José Valero

Representantes dos Servizos Centrais (3)

Ignacio Ussía

Clara Pardo

Sonsoles Fernández-Iriondo

Órganos de Dirección

Equipo Directivo Nacional

Presidenta

Vicepresidenta

Secretaria

Tesoureira

Equipo Directivo Diocesano

Presidenta/
Delegada

Vicepresidenta/
Delegada

Secretaria

Tesoureira

Órganos de Xestión

Servizos Centrais

Os Servizos Centrais son os servizos técnicos e administrativos encargados de levar á práctica os acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.

Presidenta

Myriam García Abrisqueta

Secretaria Dirección
Secretaría Técnica

Secretario Xeral

Rafael Serrano

ÁREA DE
XESTIÓN FINANCEIRA
E PLANIFICACIÓN

Económico

Estratexia e Calidade

ÁREA DE
ADMINISTRACIÓN DE
RECURSOS E PERSOAS

Relacións Laborais

Servizos Xerais

Informática

Voluntariado

ÁREA DE
COMUNICACIÓN E
PRESENZA PÚBLICA

Comunicación

Medios

Socios

Empresas e Institucións

ÁREA DE EDUCACIÓN
PARA O DESENVOLVEMENTO E
A SENSIBILIZACIÓN

Educación

Campañas e Redes

Relacións Internacionais

Estudos e Documentación

Formación

ÁREA
DE PROXECTOS

África

América

Asia

Cofinanciamento

Operación Enlace

Tecnoloxías Apropriadas

ÁREA DE
DELEGACIÓNS

Norte

Sur



que facemos?



Manos Unidas centra todo o seu traballo en dúas actividades complementarias: **sensibilización da poboación española**, para que coñeza e sexa consciente da realidade dos países en vías de desenvolvemento; e **apoio e financiamento de proxectos** en África, América, Asia e Oceanía para colaborar co desenvolvemento dos pobos do Sur.

No ano 2011 Manos Unidas celebrou a súa **campaña LII**, que co lema “**O seu mañá é hoxe**”, quixo incidir especialmente na redución da mortalidade infantil, **cuarto Obxectivo de desenvolvemento do Milenio**. Cada día morren máis de 29.000 nenos por causas que se poderían previr. Todas as intervencións que fagamos nesta etapa temperá son decisivas, non só para a supervivencia dos nenos, senón para o seu crecemento e desenvolvemento futuro.



Sensibilización

presentación da Campaña

O xoves, 10 de febreiro, presentouse a campaña anual de Manos Unidas "O seu mañá é hoxe". O acto celebrouse no Colexio Calasancio de Madrid e foi presentado pola periodista Inmaculada Galván. Interviñeron a presidenta da organización, Myriam García Abrisqueta, e María Damaris García, terciaria capuchina, que leva 15 anos en Benin, traballando pola infancia máis necesitada. O acto pechouse coa actuación dos Coros de nenos e mozos da Comunidade de Madrid.

X foro Manos Unidas

A décima edición do Foro Manos Unidas, baixo o lema "Infancia, Pobreza e Desenvolvemento", celebrouse no mes de abril na Universidade de Castela A Mancha, Cidade Real.

A conferencia inaugural centrouse en *A responsabilidade de protexer aos nenos máis aló da súa vida biolóxica*. Posteriormente, en distintos paneis de experiencias, formuláronse diferentes aspectos que inciden na mortalidade infantil, como o acceso á auga, a hixiene e a nutrición, salientando a importancia da formación e a saúde, así como as solucións que apoia Manos Unidas a través dos proxectos. Como novidade, organizouse o acto *Reivindicación dunha infancia saudable* na que interviñeron un grupo de nenos dun colexio de Toledo e proxectouse unha montaxe audiovisual.

operación enlace

Esta actividade, orientada a vincular a particulares ou grupos de persoas da sociedade española con algún dos nosos proxectos, recae principalmente nas delegacións. Con isto quérese contribuír a acadar unha maior sensibilidade e compromiso cara aos países do Sur, dando a coñecer a situación e as condicións de vida daqueles aos que se apoia. Ademais, a Operación Enlace motiva a recadación de recursos que se inclúen nun fondo común destinado a financiar ese proxecto enlazado e outros impulsados por Manos Unidas. En 2011, Manos Unidas realizou 602 operacións enlace, por un importe solicitado total de 21.566.284,17 euros.

educación para o desenvolvemento

A área de Educación para o Desenvolvemento ten como meta a sensibilización da poboación española sobre a realidade do Sur. O departamento de Educación elabora materiais educativos destinados aos niveis de infantil, primaria e secundaria que se imparten nas escolas de España, onde se trata o tema da Campaña anual. Ademais, o Departamento organiza e imparte cursos para profesores e obradoiros a colectivos concretos de educación formal e non formal, en liña e presencial. O departamento de Campañas e Redes apoia este labor de sensibilización a través de diferentes campañas. Deste xeito, en 2011, presentouse a campaña "África, cuestión de vida, cuestión debida", realizada con REDES. Froito do Convenio de Educación para o Desenvolvemento entre Manos Unidas e a AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional e Desenvolvemento), de 4 anos de duración, iniciouse o III Concurso de clipmetraxas 2011-2012, curtametraxes de 1 minuto de duración sobre a Campaña "África, cuestión de vida, cuestión debida". Para o concurso creouse a páxina web: www.clipmetrajesmanosunidas.org.



Presentación da Campaña na Mutua Madrileña de Madrid.



Foro de Manos Unidas, celebrado en Cidade Real.



Acto de "Reivindicación dunha infancia saudable" no Foro.



Unha "Carreira solidaria" co fin de captar fondos para a "Operación enlace".



Carteis do concurso de clipmetraxas e da campaña "África, cuestión de vida, cuestión debida". Material educativo de primaria para a campaña 2011/2012.





Viaxe con periodistas a Haití para visitar proxectos de Manos Unidas.



Premiados dos concursos de Manos Unidas 2011.



Paneis fotográficos e explicativos, xunto á guía da exposición.

comunicación

Os labores de comunicación que se levan a cabo en Manos Unidas teñen como fin promover a presenza da organización na sociedade española e nos medios de comunicación, difundindo a nosa mensaxe e o noso traballo para sensibilizar ao maior número de persoas posible.

Para contribuír a que a imaxe que temos dos pobos do Sur sexa o máis completa posible, Manos Unidas realiza numerosos materiais informativos e publicitarios: boletíns impresos e electrónicos, folletos informativos, carteis, anuncios de prensa, de radio e de televisión, encartes, vídeos, axendas, calendarios...

Un grupo de xornalistas viaxaron, xunto á Presidenta da organización, a Haití, onde visitaron proxectos de desenvolvemento dos que deron testemuño nos seus respectivos medios. Co programa "Pueblo de Dios" de TVE, que dirixe Julián del Olmo, rodáronse varios documentais en Haití e en Angola.

No ano 2011 tivo lugar unha nova edición dos premios "Manos Unidas" para prensa, prensa dixital, televisión, relatos e carteis, que se convocan para recoñecer o labor dos profesionais dos medios que destacan na súa tarefa de dar a coñecer os desequilibrios Norte-Sur. En 2011, a entrega dos premios tivo lugar no Auditorio de CaixaForum de Madrid.

exposición "Soñando un futuro"

Como complemento á campaña, deseñouse a exposición "Soñando un futuro". Nela recóllese a realidade da infancia en moitos países, así como o traballo que se está a realizar para cambiala, amosando solucións de esperanza e soños feitos realidade. Todas as fotos que aparecen son de proxectos apoiados por Manos Unidas.



Manos Unidas e a XMX

Manos Unidas estivo presente na XXVI Xornada Mundial da Xuventude, que tivo lugar en Madrid, do 18 ao 21 de agosto. Os salóns da parroquia de San Xoán Evanxelista acolleron a exposición dos 50 anos de traballo da organización. Nos mesmos salóns celebráronse dúas mesas redondas, que contaron co testemuño de xente do Sur. Na Feira Vocacional instalada no Paseo de Coches do Parque del Buen Retiro, Manos Unidas contou cun posto, onde deu a coñecer o traballo que realiza a organización.



Posto de Manos Unidas no Parque del Buen Retiro de Madrid.

Proxectos de Desenvolvemento

Manos Unidas financia proxectos de desenvolvemento agrícola, sanitario, educativo, social e de promoción da muller, eixe transversal que se atopa presente en todos os sectores anteriores. Ademais, atende a poboacións en situación de emerxencia e ofrece axuda humanitaria en circunstancias que así o requiran.

Para Manos Unidas, o desenvolvemento é un proceso que debe levar a transformacións e cambios sociais tanto no Norte como no Sur, de xeito que se acaden condicións de vida digna para todas as persoas.

Os proxectos nacen dun desexo de cambio, das necesidades que sinte a poboación beneficiaria e son unha ferramenta para favorecer o desenvolvemento dos pobos, a súa educación, alimentación, atención sanitaria, etc. A implicación dos destinatarios é condición indispensable para a sostibilidade futura das iniciativas.

O ciclo dun proxecto ten diferentes fases: recepción da solicitude da organización local do Sur; estudo e discusión da mesma; elaboración da ficha de estudo; proposta de aprobación ou rexeitamento do proxecto, indicando a vía de financiamento e, por último, decisión final de aprobación ou rexeitamento por parte da Comisión Permanente. Se o proxecto é aprobado, desenvolverase en comunicación directa cos seus destinatarios e responsables, garantindo que os fondos que reciben da sociedade española chegan ao seu destino.

A colaboración de Manos Unidas non se destina nunca a fins bélicos, partidistas ou que impliquen violencia ou agresión ás persoas ou á natureza



calidade e avaliación dos proxectos


En Manos Unidas traballamos na mellora da calidade e impacto da nosa cooperación ao desenvolvemento a través da planificación, a identificación, a mellora do ciclo do proxecto, a avaliación e o traballo en equipo.

Consideramos que o seguimento minucioso dos proxectos é unha das claves da calidade, xa que permite o contacto directo cos socios locais responsables da execución dos proxectos e a proximidade cos beneficiarios cos que compartimos éxitos e dificultades.

No ano 2011 realizáronse 11 avaliacións externas a programas de desenvolvemento e numerosas avaliacións internas e viaxes de seguimento. A metodoloxía aplicada para a avaliación é participativa, trabállase cos equipos e os beneficiarios entendendo o proceso de análise dos resultados como unha ferramenta para a mellora do traballo, para aprender da experiencia e acadar unha maior eficacia dos recursos asignados.

Os proxectos de desenvolvemento de Manos Unidas teñen como obxectivo favorecer os procesos que permitan a identificación dos problemas e a procura de solucións por parte dos beneficiarios que serán os actores importantes na execución dos proxectos. Deste xeito, máis aló dos resultados cuantificables obtidos en termos de acceso á educación, á saúde, á produción de alimentos ou á xeración de ingresos, vaise acadando aos poucos a capacitación das persoas e a mellora da súa autoestima, motor do verdadeiro desenvolvemento humano integral ao que Bieito XVI dedica a Encíclica "Caritas in veritate".

2011: proyectos no



AGRÍCOLA
98 proxectos

Importe: 8.527.360,98 euros
Beneficiarios: 252.439 directos



EDUCATIVO
207 proxectos

Importe: 9.750.768,44 euros
Beneficiarios: 110.298 directos



SANITARIO
112 proxectos

Importe: 6.745.678,27 euros
Beneficiarios: 1.621.378 directos



Importe:
Beneficiarios:

mundo

Manos Unidas
aprobou en 2011
un total de **605 proxectos**,
en **58 países**, por un valor
de **35.609.415,44 euros**.

américa

1. **Bolivia**, 14 proxectos.
2. **Brasil**, 14 prox.
3. **Colombia**, 11 prox.
4. **Ecuador**, 4 prox.
5. **El Salvador**, 13 prox.
6. **Guatemala**, 17 prox.
7. **Haití**, 13 prox.
8. **Honduras**, 7 prox.
9. **México**, 5 prox.
10. **Nicaragua**, 10 prox.
11. **Panamá**, 5 prox.
12. **Paraguay**, 5 prox.
13. **Perú**, 24 prox.
14. **Rep. Dominicana**, 6 prox.

Total de proxectos aprobados: **148**.
Valor: **12.156.087,99 euros**.

áfrica

1. **Angola**, 8 proxectos
2. **Alxeria**, 1 prox.
3. **Benin**, 9 prox.
4. **Burkina Faso**, 12 prox.
5. **Burundi**, 6 prox.
6. **Camerún**, 7 prox.
7. **Costa de Marfil**, 5 prox.
8. **Egipto**, 2 prox.
9. **Eritrea**, 1 prox.
10. **Etiopía**, 16 prox.
11. **Ghana**, 9 prox.
12. **Guinea Bissau**, 1 prox.
13. **Kenya**, 15 prox.
14. **Madagascar**, 11 prox.
15. **Malawi**, 10 prox.
16. **Malí**, 5 prox.
17. **Marrocos**, 3 prox.
18. **Mauritania**, 8 prox.
19. **Mozambique**, 17 prox.
20. **Nixer**, 2 prox.
21. **Nixeria**, 5 prox.
22. **Rep. Congo**, 1 prox.
23. **Rep. Dem. Congo**, 13 prox.
24. **Ruanda**, 4 prox.
25. **Senegal**, 10 prox.
26. **Serra Leona**, 6 prox.
27. **Somalia**, 7 prox.
28. **Sudán**, 1 prox.
29. **Sudán do Sur**, 2 prox.
30. **Tanzania**, 8 prox.
31. **Togo**, 7 prox.
32. **Uganda**, 15 prox.
33. **Zambia**, 8 prox.
34. **Zimbabwe**, 5 prox.

Total de proxectos aprobados: **240**.
Valor: **12.060.768,12 euros**.


asia e oceanía

1. **Bangladesh**, 5 proxectos
2. **Camboxa**, 6 prox.
3. **Filipinas**, 2 prox.
4. **India**, 194 prox.
5. **Israel**, 2 prox.
6. **Sri Lanka**, 2 prox.
7. **Tailandia**, 2 prox.
8. **Timor Oriental**, 1 prox.
9. **Vietnam**, 2 prox.
10. **Papúa**, 1 prox.

Total de proxectos aprobados: **217**.
Valor: **11.392.559,33 euros**.

Ademais continúa apoiando economicamente
proxectos de exercicios anteriores.
No ano 2011, foron un total de 908 proxectos.

proxectos por continentes



PROM. MULLER
70 proxectos

4.002.128,58 euros

Beneficiarios: 311.245 directos



PROM. SOCIAL
118 proxectos

Importe: 6.583.479,17 euros

Beneficiarios: 721.750 directos

emerxencias



Crise no Corno de África

Na crise no Corno de África queremos salientar a grande solidariedade e xenerosidade que atopamos a pesar da crise financeira que estamos a vivir en España. Os testemuños que nos chegaban da zona foron terroríficos, xa que moitas mulleres tiveron que abandonar as súas aldeas con todos os seus fillos, e atravesar sen medios, unha zona desértica, exposta a todo tipo de calamidades. Moitas delas co noso apoio conseguiron recuperar o sorriso, xa que grazas ás achegas recibidas (2.044.513,9 euros) fomos quen de financiar 20 proxectos beneficiando arredor de 600.000 persoas, a maioría delas mulleres e nenos.

Reuters/Jorge Silva

5 sectores de traballo



Promoción da muller: unha prioridade presente en todos os proxectos

A promoción da muller é unha tarefa de importancia constante. A experiencia e a realidade demóstrannos que investir na muller como xeradora de ingresos familiares, educadora dos seus fillos e cidadá responsable é un valor seguro, cuxos beneficios abranguen non só o reducido ámbito da súa familia, senón o da súa comunidade e, polo tanto, o do seu país.

Agrícola

A gandaría e a agricultura, sectores primarios e básicos, son o principal medio de traballo e sustento dun elevado número de persoas no mundo. A pesar da súa enorme importancia, estes sectores vense ameazados por medidas comerciais inxustas e pola falla de recursos para o seu desenvolvemento, que forzan a moitas familias á emigración, na procura de novas oportunidades nas cidades. Os proxectos que Manos Unidas apoia neste sector buscan promover a agricultura e a gandaría, mellorando o nivel de vida dos campesiños mediante iniciativas moi diversas.



Educativo

A educación atópase entre as grandes prioridades necesarias para o desenvolvemento. A constitución de sociedades baseadas na xustiza e a igualdade, nas que as persoas vexan respectados a súa dignidade e o seu desenvolvemento integral como seres humanos, depende, en gran medida, do seu fomento. A creación e o equipamento de escolas ou de centros de formación profesional, a formación e capacitación da poboación infantil e adulta, os cursos que permiten aumentar as taxas de alfabetización ou a aprendizaxe dos adultos... son algunhas das metas que Manos Unidas apoia neste sector.



Promoción social

A persoa non está completa se non participa como ser social da súa relación coas persoas que viven ao seu redor. A través dos demais adquirense os valores fundamentais que orientan a vida. Por iso, os proxectos deste sector de traballo están dirixidos a concienciar á poboación sobre o sentido da responsabilidade comunitaria e a mellorar a calidade de vida das comunidades. Para iso, apóianse actividades tan variadas como a construción de infraestruturas, a formación de líderes comunitarios, a adecuación de instalacións sociais ou aquelas dirixidas á promoción dos Dereitos Humanos.



Sanitario

Sen saúde non se poden acadar os obxectivos de desenvolvemento máis elementais. Cando falta, faise difícil calquera tarefa de progreso. Mediante o apoio a proxectos neste eido, Manos Unidas pretende previr as enfermidades a través da creación, o equipamento e a mellora de dispensarios e hospitais, a promoción de campañas de vacinación e de medicina preventiva, a capacitación de promotores de saúde, e outros servizos.



por que o facemos?



“Dádelles vós de comer” (Mc 6,37)

Se dura, difícil e penosa é a crise económica que sofren os países da Unión Europea, e en especial España, penosa, dura e moi difícil é a situación de moitos países do Terceiro Mundo onde moitas persoas morren cada día de fame. A crise que sofren estes países non é dos últimos anos; eles sófrena sempre, desde que nacen ata que morren. Carecen de comida, de medicinas, dos recursos máis elementais para saír adiante.

Manos Unidas tenta poñer un pouco de esperanza neste mundo de sufrimento. Dende hai 53 anos financia proxectos de desenvolvemento nos países máis pobres do mundo. É como esas instalacións de rego por goteo que aportan a auga

necesaria para que as árbores medren e poidan dar froitos. Manos Unidas, coas achegas de persoas e institucións xenerosas, leva aos países en vías de desenvolvemento esa gota de auga de esperanza a través de proxectos agrícolas, sanitarios, educativos, de promoción da muller, que farán que eses pobos saian da pobreza na que están instalados desgraciadamente e cheguen a ser protagonistas dos seu propio desenvolvemento.

Manos Unidas a través do seu traballo, está a cumprir a invitación de Xesús, o fillo de Deus, cando di no relato da multiplicación dos pans e os peixes: “dádelles vós de comer”. Tócanos a nós,



que dispoñemos de máis recursos ca eles, compartir o que somos e o que temos porque ese don xeneroso ten, pola graza de Deus, un poder sorprendentemente multiplicador.

Manos Unidas non se limita a apoiar solucións a problemas concretos dos distintos colectivos cos que colabora no Terceiro Mundo, senón que realiza tamén aquí un labor de mentalización ou de toma de conciencia sobre a realidade da pobreza e fai un traballo de educación en valores, convidándonos a mellorar os nosos estilos de vida, difundindo mensaxes de austeridade e transparencia, fomentando o voluntariado e actitudes vitais de servizo aos nosos semellantes, fomentando unha cultura de paz e de colaboración internacional. O modelo de desenvolvemento que a move non é só económico e técnico, senón humano, integral, sostible. Eu diría que é unha

organización con cordialidade, con alma e isto tamén é importante cando se traballa con seres humanos, como ocorre no caso do desenvolvemento.

Grazas, Manos Unidas, polo labor realizado ao longo do ano 2011 e que se presenta nesta Memoria! Grazas polo labor calado e xeneroso de todos os socios, colaboradores e traballadores nesta Organización. Que Deus os bendiga e que vivades coa paz que dá o saber que fixemos o que tiñamos que facer, compartir cos máis necesitados!

Con todo o meu afecto,

+ Juan José Omella Omella
Bispo de Calahorra y La Calzada-Logroño
e Consiliario de Manos Unidas





- A recadación de Manos Unidas no ano 2011 foi de 51.856.656 euros.
- O 82% dos nosos ingresos proveñen de fontes privadas, e só un 18% provén do sector público.
- Do total recadado, o 90,6% vai destinado aos fins de Manos Unidas (o 85,1% a Proxectos de desenvolvemento e o 5,5% a Sensibilización).
- Os socios, cun 35,2% dos ingresos, son a base fundamental de Manos Unidas.

Resultados económicos de 2011

INGRESOS

	Euros	Porcentaxe
Socios e doadores (1)	17.875.233.-	35,2%
Parroquias e Entidades Relixiosas	12.967.982.-	25,4%
Colexios	1.555.366.-	3,1%
Emerxencias	2.118.931.-	4,2%
Herdanzas e legados	4.095.987.-	8,1%
Actividades de sensibilización	1.947.601.-	3,8%
Subvencións privadas	236.900.-	0,5%
Ingresos financeiros	681.946.-	1,3%
Outros ingresos privados	183.822.-	0,4%
TOTAL SECTOR PRIVADO	41.663.769.-	82,0%
Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento	4.229.303.-	8,3%
Administración Local e Autonómica	4.914.872.-	9,7%
TOTAL SECTOR PÚBLICO	9.144.175.-	18,0%
INGRESOS DE RECADACIÓN	50.807.944.-	100%
OUTROS INGRESOS PRIVADOS (2)	1.048.712.-	
TOTAL INGRESOS ANO 2011	51.856.656.-	

GASTOS

	Euros	Porcentaxe
Sensibilización	2.633.565.-	5,5%
Proxectos de desenvolvemento:	41.089.780.-	85,1%
- Proxectos (3)	39.370.054.-	81,6%
- Xestión de Proxectos	1.719.726.-	3,5%
TOTAL FINS DE MANOS UNIDAS	43.723.346.-	90,6%
PROMOCIÓN E CAPTACIÓN DE RECURSOS	857.245.-	1,8%
ADMINISTRACIÓN E ESTRUCTURA	3.680.354.-	7,6%
TOTAL GASTOS ANO 2011	48.260.944.-	100%
SUPERÁVIT ANO 2011*	3.595.711.-	

(1) Inclúe doazóns particulares, asociacións e fundacións, empresas e anónimos.


(2) Inclúen resultados extraordinarios, a devolución/cancelación de axudas outorgadas nos anos anteriores, diferenzas de cambio positivas e provisións aplicadas.

(3) Esta cifra corresponde a 605 proxectos aprobados, máis a segunda anualidade dos convenios de Ecuador, Etiopía e Sensibilización.

* Do superávit do ano 2011, 1.115.917 euros destinaranse a proxectos do Corno de África e o resto á aprobación de novos proxectos durante o ano 2012.




Orixe dos ingresos



* Subvencións privadas, ingresos financeiros e outros ingresos privados.

Gastos



* Fins de Manos Unidas: proxectos de desenvolvemento, xestión de proxectos e sensibilización.

Crterios de distribución dos gastos

Os gastos, tal e como aparecen na páxina 20, clasifícanse entre os destinados ao cumprimento dos **fins de Manos Unidas** e os **gastos de funcionamento**.

● GASTOS PARA FINS DE MANOS UNIDAS:

- **Sensibilización.** Este apartado recolle os gastos da Área de Educación para o Desenvolvemento, incluíndo os gastos do persoal contratado dedicado exclusivamente á elaboración de materiais educativos, coordinación de campañas, celebración de foros e seminarios, etc.
- **Proxectos.** Inclúe o importe do total dos proxectos aprobados no exercicio.
- **Xestión de proxectos.** Son os gastos das viaxes realizadas para a identificación e supervisión de proxectos, os gastos de persoal da Área de Proxectos e os gastos ocasionados polas auditorías e polas avaliacións de proxectos financiados.

● GASTOS DE FUNCIONAMENTO:

- **Promoción e captación de recursos.** Inclúe os gastos da Área de Comunicación destinados a captar fondos e a facer publicidade da actividade da organización.
- **Gastos de administración e estrutura.** Son os gastos orixinados na xestión e administración da organización, é dicir, os gastos de Presidencia, Recursos Humanos, Informática, Secretaría Xeral, Gabinete de Calidade, Económico, Xestión de Socios, Xestión de Delegacións e Relacións Externas.

Transparencia

Manos Unidas é unha organización comprometida firmemente coa transparencia na captación, xestión e administración dos seus fondos. A transparencia, de feito, é un dos nosos valores como institución e é fiel reflexo da nosa aposta por responder perante a sociedade das actividades que realizamos. **Espaudit Gabinete de Auditoría S.A. realizou unha auditoría** das nosas contas anuais. Ademais, Manos Unidas cumpre os principios de transparencia e boas prácticas establecidos pola **Fundación Lealtad**, e está cualificada para optar a financiamento pola **Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento**.

Auditoría externa

ESPAUDIT GABINETE DE AUDITORÍA, S. A. realizou unha auditoría das nosas contas cun informe favorable. Quen desexe ter o informe completo da auditoría pode atopalo en: www.manosunidas.org. Quen o queira en formato papel pode solicitálo ás delegacións de Manos Unidas.




Fundación Lealtad

Manos Unidas cumpre todos os requisitos de transparencia e boas prácticas establecidos para as ONG pola FUNDACIÓN LEALTAD: www.fundacionlealtad.org



AECID

Está declarada pola Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID) como entidade cualificada para optar á vía de financiamento de convenios de colaboración.



agradecementos

O labor que realizamos en favor dos países máis pobres sería imposible sen os amigos e colaboradores de Manos Unidas. Unha longa listaxe de voluntarios, contratados, socios, doadores individuais e colectivos, empresas, bancos, asociacións e fundacións apoian este labor mediante doazóns, cofinanciando proxectos de desenvolvemento, patrocinando iniciativas ou prestando servizos moi diversos. É especialmente relevante a achega de colexios e parroquias.

A todos eles, moitas grazas.

A limitación do espazo dispoñible non nos permite citar a todos. Non incluímos a relación de entidades que cofinancian proxectos de desenvolvemento por figurar no noso "Libro de Proxectos", editado conxuntamente con esta Memoria.

Empresas

- ▶ AARBEI CARTERA E INVERSIONES S.L.
- ▶ ACC. CANARIAS
- ▶ ADVANTIA COMUNICACIÓN GRÁFICA
- ▶ AGUIRRE ZAMORA ASOC S.L.
- ▶ ALMADRABA CABO DE PLATA, S.A.
- ▶ APEN CENTRE INF. S.L.
- ▶ ASISA
- ▶ ASOCIACION DE LA PRENSA
- ▶ ATLANT.EDICIONES MULTIMEDIA
- ▶ ATOR MOTOR S.A.
- ▶ AUDIOVISUALES AG, S.L.
- ▶ AUTOBUSES LA VILLAVESA S.A.
- ▶ AXL CONSULTORIA MERCANTIL
- ▶ BANC SABADELL
- ▶ BANCO SANTANDER
- ▶ BARRACUDA (HOTELES)
- ▶ BELABARCE S.L.
- ▶ BON PREU S.A.
- ▶ BUSINESS MORALES S.L.
- ▶ CAJA AHORROS DEL MEDITERRANEO
- ▶ CAJA RURAL DE SAN ISIDRO
- ▶ CAN XIOL S.L.
- ▶ CARGO EMPALME S.L.
- ▶ CARTONAJES SANTORROMAN. S.A.
- ▶ CENTRE COMERCIAL BARICENTRO
- ▶ CERAMICA UTZUBAR, S.A.
- ▶ CERRO CANELA S.L.
- ▶ CLICKART
- ▶ CLINICAS DOCTOR JUAN CABRERA
- ▶ CODIGRAN S.L.
- ▶ ACC. CANARIASCOMERC. e IND. VALENCIANAS, S.L.
- ▶ CONFEDERACION ESPAÑOLA DE CAJAS DE AHORROS (CECA)
- ▶ CONSERVAS PEDRO LUIS, S.L.
- ▶ COOP. DEL CAMPO SAN ISIDRO
- ▶ CRE INGENIEROS S.L.
- ▶ DESGUACE PARIS S.L.
- ▶ DEVON HOLDING S.L.
- ▶ DINOPOLIS
- ▶ DKV SEGUROS
- ▶ DOMINGO ALONSO S.L.
- ▶ ECOINTEGRAL INGENIERIA S.L.
- ▶ ECOSOL
- ▶ EL CORTE INGLES
- ▶ ELECTRICAS PITARCH S.A.
- ▶ EMPRESA PLANA S.A.
- ▶ EXPLOTACIONES AGRICOLAS VIRGEN DE FATIMA S.L.
- ▶ FIDELO VILLARREAL, S.L.
- ▶ FINIKAS CONSULTING S.L.
- ▶ FOMENTO DE DESARROLLOS COMERCIALES
- ▶ FULGENCIO SPA (CARCHUNA)
- ▶ GESTINMÉDICA, S.L.
- ▶ GMV EUROLIFT S.A.
- ▶ GOMEZ LIÑAN HERMANOS, S.L.
- ▶ GRUPO DEB
- ▶ GUADALMIN GOL, S.A.
- ▶ HABANA 200 S.L.
- ▶ HERMANOS CLEMENTE PEREZ S.L.
- ▶ HNOS. ORTIZ REINA S.C. (ON LINE)
- ▶ IMPRENTA RAPIDA LLORENS S.L.
- ▶ INBIGA-64, S.L.
- ▶ INFORMATICA LANZAROTE, S.L.
- ▶ INPROQUISA, S.A.
- ▶ INTERAPOTHEK S.A.
- ▶ IRASME S.L.
- ▶ IRUÑA OCASION, S.L.
- ▶ JARDINES DEL BARRIO S.L.
- ▶ KARBEST, S.L.
- ▶ KH LLOREDA S.A. (Concert Ars Tunae)
- ▶ LA CAIXA
- ▶ LA CERES INDUSTRIAL, S.L.
- ▶ LAPOINT EMPRESAS ESPAÑA S.L.
- ▶ LIBECROM S.A.
- ▶ LLOBET DE FORTUNY SA
- ▶ M.R. ASESORES Y CONSULTORES FISCALES, S.L.P.
- ▶ MALVASIA DEL SOL, S.L.
- ▶ MANTECADOS GAMITO HERMANOS
- ▶ MANUFACTURAS RUIZ S.A.
- ▶ MCZZ DOLINA ASOCIADOS SL
- ▶ METRO 7 S.L.
- ▶ NECOTIA S. L.
- ▶ NETOBRIL, S.A.
- ▶ NUCLENOR, S.A.
- ▶ OMAC
- ▶ OPTIM S.A.
- ▶ ORONA S.COOP.
- ▶ OSORMEGO S.L.
- ▶ PANADERIAS NAVARRAS S.A.
- ▶ PEÑOLA Y MENDOZA S.L.
- ▶ PROYECTOS TAJINASTE S.L. (TENERIFE)
- ▶ PUMARDONGO S.A.
- ▶ PURIFICACION GARCIA Y CHOCRON
- ▶ JOYEROS S.L.
- ▶ RECREATIVOS SAETABIS, S.A.
- ▶ ROSADULCE S.L.
- ▶ RURALCAJA
- ▶ SAICARJE S.L.
- ▶ SANTANDER GESTION DE ACTIVOS S.A.
- ▶ SARASKETA XXI S.L.
- ▶ TAVERNES VALLDIGNA
- ▶ THE WHITE BOX S.L.
- ▶ TUBIO Y RIOS, S.L.
- ▶ UNIVERSAL DE ALIMENTACION S.A.
- ▶ URBANIZADORA VILLAMARTIN S.A.
- ▶ URQUIJO GESTION S.A. SGIIF. SU
- ▶ VALLES PREU S.A.
- ▶ VODAFONE ESPAÑA S.A.
- ▶ ZURICH INSURANCE PLC

Asociacións e Fundacións

- ▶ AGRUPACION AMIGOS CAMINO DE SANTIAGO (AVILA)
- ▶ AMAS DE CASA ALAR DEL REY (PALENCIA)
- ▶ AMAS DE CASA HERRERA DEL PISUERGA
- ▶ APA PILAR BAYONA
- ▶ ARANJUEZ CLINICA
- ▶ ESPECIALIDADES DENTALES S.L.
- ▶ ASOC. JUVENIL BRIJOVEN
- ▶ ASOC.AMAS DE CASA DE BESANA
- ▶ ASOC.CUIN (CAMARGO)
- ▶ ASOC. COMUNIDAD Y SOLIDARIDAD
- ▶ ASOC. DE VIUDAS MARIA AUXILIADORA (CALATAYUD)
- ▶ ASOC. HOMBRES Y MUJERES
- ▶ ASOC. INST. DE SAN ANTONIO (VILLANUEVA DEL ARISCAL-SEVILLA)
- ▶ ASOC. JUV. VIVA JOVENES PRO VIDA
- ▶ ASSOCIATION EUROP-TIERS MONDE
- ▶ CARITAS DIOCESANA ARGAMASILLA DE ALBA. (C. REAL)
- ▶ CARITAS DIOCESANA (MÁLAGA)
- ▶ CARITAS DIOCESANA VALDEPEÑAS
- ▶ CARITAS DIOCESANA TORRE DEL MAR (MALAGA)
- ▶ CENTRO PIGNATELLI
- ▶ CENTROS CATOLICOS CULTURA
- ▶ CLUB LEONES (LA PALMA)
- ▶ CLUB ROTARIOS LOGROÑO
- ▶ CLUB TIEMPO LIBRE SAN LORENZO (HUESCA)
- ▶ COFRADIA DE LA VERA CRUZ (SALAMANCA)
- ▶ COFRADÍA NTRA. SRA. MERCEDES (ALCALÁ DE HENARES)
- ▶ CONGREGACION RELIGIOSAS DE LA COMPAÑIA MARIA CANGAS
- ▶ COPRODELI
- ▶ CORAL MONTEMAR
- ▶ FUNDACION ABEL MATUTES
- ▶ FUND CAJA MURCIA
- ▶ FUNDACION CANARIA IOHANNES BAPTISTA
- ▶ FUND. CANARIA NARANJO GALVAN
- ▶ FUND. CARMEN GANDARIAS
- ▶ FUND. CULTURAL BANESTO
- ▶ FUND. DAVALOS
- ▶ FUND. ENRIQUE ESTEVE BALET
- ▶ FUND. HOSPITAL DE POBRES-REQUENA
- ▶ FUND. INST. CULTURAL (Col. Domus)
- ▶ FUND. JESUS SERRA (BARCELONA)
- ▶ FUND. JOSE ANTONIO DE LERCHUNDI Y SIROTICH, DE B.P.
- ▶ FUND. JOSE MARIA IMAZ
- ▶ FUND. JUAN BONAL
- ▶ FUND. L&L BHAGWANDAS SIRWANI PALACIO ORIENTAL
- ▶ FUND. MARMOL (CAPILLA)
- ▶ FUND.MUTUA GENERAL DE SEGUROS
- ▶ FUND. NTRA. SRA. DE LA MISERICORDIA (SEGOVIA)
- ▶ FUND. PRIVADA GIRBAU
- ▶ FUND. PRIV. MIARNAU (BARCELONA)
- ▶ FUND. PROVOCANDO LA PAZ
- ▶ FUND. PURISIMA CONCEPCION (GRANADA)
- ▶ FUND. ROSE
- ▶ FUND. VICENTE VEDRUNA
- ▶ GRUPO HORIZONTES
- ▶ GRUPO JOVEN MMUUI-BUJALANCE
- ▶ HDAD. SANTO CRISTO
- ▶ INST. BENEF. DEL SAGRADO CORAZON
- ▶ MUJERES ACCIÓN CATÓLICA Parroquia Carmen.
- ▶ PATRONATO SAN JOSE (ALCALA)
- ▶ RESID. DE MAYORES CAJA DUERO (SANTA MARTA)
- ▶ RESIDENCIA SANTA OROSIA (JACA)

Convenios

- ▶ BANCAJA
- ▶ BANSABADELL VIDA
- ▶ COPE
- ▶ CORREO
- ▶ HNOS MATEO LORENZO
- ▶ INTERNACIONAL BUSINESS
- ▶ R.A.C.C.
- ▶ UNNIM
- ▶ ZURICH SERVICIO

Patrocinios

- ▶ AY. HUELMA. (F. SOLIDARIDAD)
- ▶ CECA (Premios Prensa escrita y Prensa digital)
- ▶ BANCO SANTANDER (Premio Televisión)
- ▶ BANCO POPULAR (Premios Relatos y Carteles Infantiles)
- ▶ OBRA SOCIAL LA CAIXA (Concurs Narracions)
- ▶ LA CAIXA (Premio Carteles)
- ▶ DIP. CASTELLÓN (Concierto)

Medios de Comunicación

Manos Unidas agradece especialmente a todos os medios de comunicación, nacionais, autonómicos e locais (xornais, revistas, emisoras de radio e televisión) a difusión das nosas mensaxes e a publicación gratuita dos nosos anuncios.

A todos, moitísimas grazas

Enderezos

02002 ALBACETE

Teodoro Camino, 8 / Tel. 967 21 23 15

28802 ALCALÁ DE HENARES (Madrid)

Vía Complutense, 8 bis / Tel. 91 883 35 44

03003 ALICANTE

Arquitecto Morell, 10-2.ª esc. 1.º H / Tel. 96 592 22 98

04001 ALMERÍA

Ricardos, 9 - 1.º izq. / Tel. 950 27 67 80

24700 ASTORGA (León)

Martínez Salazar, 8 - 1.º / Tel. 987 60 25 36

05001 ÁVILA

Pedro de Lagasca, 8 / Tel. 920 25 39 93

06005 BADAJOZ

Avda. Antonio Masa, 11 / Tel. 924 24 89 51

22300 BARBASTRO (Huesca)

Juan de Lanuza, 6 - bajo / Tel. 974 31 56 14

08037 BARCELONA

Pau Claris, 190, 1.º 1.ª / Tel. 93 487 78 78

48005 BILBAO

Pza. Nueva, 4, 3.º / Tel. 94 479 58 86

09005 BURGOS

Clunia, s/n. / Tel. 947 22 06 87

10003 CÁCERES

General Ezponda, 14, 1.º / Tel. 927 21 44 14

11001 CÁDIZ

Hospital de Mujeres, 26 / Tel. 956 21 49 72

12001 CASTELLÓN

San Luis, 15, entresuelo - 1.º A / Tel. 964 22 88 58

51001 CEUTA

Pza. de África, s/n. / Tel. 956 51 12 53

13001 CIUDAD REAL

Caballeros, 7 - 2.ª planta / Tel. 926 25 54 67

37500 CIUDAD RODRIGO (Salamanca)

Díez Taravilla, 15 / Tel. 923 48 20 35

14008 CORDOBA

Concepción, 4, 1.º B / Tel. 957 47 95 78

16002 CUENCA

Avda. Rep. Argentina, 25 / Tel. 969 22 20 22

15402 EL FERROL (La Coruña)

Magdalena, 153, 1.ª dcha. / Tel. 981 30 03 18

28901 GETAFE (Madrid)

Almendo, 4, 2.º / Tel. 91 683 89 85

17002 GIRONA

S. J. Bautista La Salle, 19, 2.º 2.ª / Tel. 972 20 05 25

18009 GRANADA

Pza. Campillo, 2, 5.º G y H, 1 / Tel. 958 22 66 20

19005 GUADALAJARA

Avd. Venezuela, 9 - Colonia Sanz Vázquez

Tel. 949 21 82 20

18500 GUADIX (Granada)

Pso. Ismael González de la Serna, 1 bajo

Tel. 958 66 35 92

21003 HUELVA

Cardenal Cisneros, 11 / Tel. 959 25 33 88

22002 HUESCA

Pza. de la Catedral, 8 / Tel. 974 22 65 56

07800 IBIZA (Baleares)

Pedro Francés, 12, 2.º / Tel. 971 31 27 74

22700 JACA (Huesca)

Seminario, 8, 3.º / Tel. 974 36 22 51

23007 JAÉN

Maestro Bartolomé, 7, dupl. / Tel. 953 25 01 14

11402 JEREZ (Cádiz)

Sevilla, 53 / Tel. 956 18 01 56

15001 LA CORUÑA

Marqués de Cerralbo, 11 bajo / Tel. 981 20 56 59

35003 LAS PALMAS DE G. C.

Ángel Guerra, 26 - bajo / Tel. 928 37 13 07

24003 LEÓN

Sierra Pambley, 6 - 3.º C / Tel. 987 24 84 08

25002 LLEIDA

Blondel, 11, 2.º / Tel. 973 26 91 04

26004 LOGROÑO

Obispo Fidel García, 1 / Tel. 941 24 78 88

27001 LUGO

Cruz, 1B, 1.º / Tel. 982 25 55 67

28013 MADRID

Gran Vía, 46 - 4.º / Tel. 91 522 17 83

07701 MAHÓN (Menorca)

Carrero des Mirador de ses Monges, 1

Tel. 971 36 99 36

29015 MÁLAGA

Strachan, 6 - 3.º Izda. / Tel. 95 221 44 47

30001 MURCIA

Pza. Beato Andrés Hibernón, 1 - Ent. Izqda.

Tel. 968 21 40 29

32005 OURENSE

Pza. Obispo Cesáreo, s/n / Tel. 988 23 37 82

33003 OVIEDO

San Isidoro, 2 - bajo / Tel. 98 520 31 61

34001 PALENCIA

Gil de Fuentes, 12 - 2.ª Izq. / Tel. 979 75 21 21

07001 PALMA DE MALLORCA (Baleares)

Seminario, 4 / Tel. 971 71 89 11

31006 PAMPLONA

Avda. Baja Navarra, 64, 1.º / Tel. 948 21 03 18

10600 PLASENCIA (Cáceres)

Las Veras, 3 / Tel. 927 42 17 07

36003 PONTEVEDRA

Peregrina, 50 entreplanta / Tel. 986 85 08 12

37002 SALAMANCA

Rector Lucena, 20, 5.º A / Tel. 923 26 15 47

20005 SAN SEBASTIAN

Loyola, 15, 3.º Izda / Tel. 943 42 45 10

38002 SANTA CRUZ DE TENERIFE

Pérez Galdós, 26, 3.º Dcha. / Tel. 922 24 34 42

39001 SANTANDER

Rualasal, 5, 2.º Dcha / Tel. 942 22 78 07

15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa del Villar, 18 apdo. 456 / Tel. 981 58 49 66

40001 SEGOVIA

Seminario, 4 - bajo / Tel. 921 46 02 71

41004 SEVILLA

Pza. Virgen de los Reyes, s/n. / Tel. 95 422 75 68

25250 SOLSONA-BELLPUIG (Lleida)

Avd. Preixana, 16 / Tel. 973 32 01 83

42002 SORIA

San Juan, 5 - 1.º / Tel. 975 23 14 90

50500 TARAZONA (Zaragoza)

San Antón, 11 - 1.º / Tel. 976 64 47 81

43001 TARRAGONA

Rambla Nova, 119. esc A, 2.º 2.ª / Tel. 977 24 40 78

44001 TERUEL

Yagüe de Salas, 18 - bajo / Tel. 978 61 18 45

45002 TOLEDO

Trinidad, 12 / Tel. 925 22 99 11

43500 TORTOSA (Tarragona)

Mercaders, 2 - bajo / Tel. 977 51 14 28

25700 URGEL (Lleida)

Pati de Palau, 1-5 / Tel. 973 35 22 30

46003 VALENCIA

Pza. Comunión de S. Esteban, 1 - bajo

Tel. 96 391 91 29

47002 VALLADOLID

Simón Aranda, 13, 1.º / Tel. 983 30 50 65

08500 VIC (Barcelona)

Ronda de Camprodón, 2 / Tel. 902 702 032 - Ext. 3140

36204 VIGO (Pontevedra)

Vázquez Varela, 54, 2.º B / Tel. 986 42 36 96

01004 VITORIA

Fueros, 6, 1.º izqda. / Tel. 945 23 11 79

49003 ZAMORA

Plaza del Seminario, 2 / Tel. 980 53 20 91

50001 ZARAGOZA

Plaza de la Seo, 6 - 2.ª planta / Tel. 976 29 18 79



En **2012** traballamos o

Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio N.º6:

**“Combater o VIH/ a SIDA, o Paludismo,
e outras enfermidades”**

Colabora, chama ao teléfono 902 40 07 07



Manos Unidas

Premio Príncipe de Asturias
da Concordia 2010

*Grazas a todos os
que o fixeron posible*

Manos  Unidas

SERVIZOS CENTRAIS

Barquillo, 38-3º. 28004 Madrid

Telf.: 91 308 20 20 - Fax: 91 308 42 08

www.manosunidas.org - info@manosunidas.org